



PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2018

CONVOCATORIA VERÁN

- Normativa de funcionamento -

1.- INFORMACIÓN XERAL.	
Poboación destinataria	Menores con idades comprendidas entre os 4 e 14 anos.
Requisitos	Que a/o menor teña entre 4 e 14 anos (será obrigatorio ter cumpridos 4 anos no momento da convocatoria).
	No caso de menores con necesidades educativas especiais se avaliará cada solicitude de maneira individual. Que a nai, pai ou titor/a legal teña unha antigüidade mínima dun ano no empadramento no concello de Redondela.
Días	Do 2 ao 31 de xullo de 2018 (días laborais).
Horario	De 09.00 a 14.00 horas.

2.- CENTROS E PRAZAS.	
Cabeiro: Centro cultural	15 prazas
Cedeira: Centro cultural	30 prazas
Cesantes: Centro cultural	15 prazas
Chapela: Asociación cultural de Cidadelle	15 prazas
Chapela: Multiúsos	15 prazas
Negros: Asociación de veciños	30 prazas
O Viso: Antiga Escola de Tuimil	15 prazas
Reboreda: Sociedade labrego cultural	15 prazas
Redondela: Multiúsos	30 prazas
Redondela: Pousadouro *	45 prazas
Saxamonde: Centro cultural Chan das Pipas	30 prazas
Ventoseira: Asociación cultural Miñoteira	15 prazas
Vilar de Infesta: Centro cultural	15 prazas

Na Ficha de inscrición é obrigatorio marcar con X o centro de preferencia, facendo mención a unha segunda opción para o caso de non acadar praza na opción marcada.

* **Nota:** Pola organización das actividades municipais, as/os menores que se inscriban en **Pousadouro**, serán ubicadas/os do 2 ao 6 de xullo no Pavillón de deportes de Reboreda e do 9 ao 31 de xullo en Pousadouro.

Concello de Redondela



3.- INSCRICIÓN.	
Prazo de presentación de solicitude	Do 2 ao 18 de maio (ambos dous días incluídos).
Lugar de presentación de solicitude	Rexistro xeral do Concello de Redondela.
Publicación da listaxe de menores admitidas/os	15 de xuño (na páxina web e nas oficinas do CIM).

4.- GRUPO FAMILIAR.
Grupo 1.- a) Familia monomarental/monoparental coa persoa proxenitora en situación de emprego. b) Familia cunha persoa dependente a cargo con grado 2 ou 3 de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.
Grupo 2.- Familia na que as dúas persoas proxenitoras están en situación de emprego.
Grupo 3.- Familia na que unha das persoas proxenitoras está en situación de emprego.
Grupo 4.- Calquera outro suposto.
<ul style="list-style-type: none">• A elección de grupo será verificada a través da documentación que acompaña á solicitude. En caso de non ser posible, a solicitude se tramitará no <i>Grupo 4.- Calquera outro suposto</i>.



5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE.

- Xustificante de ingresos: última nómina, último recibo de pago de cota de autónomo ou resolución de prestación.
- Ficha individualizada de seguimento (IPREM: 537,84 €/mes).
- Sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador (en caso de familia monomarental/monoparental).
- Documento de recoñecemento da situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia (en caso de familia con persoa dependente a cargo).

Importante: Se presentará fotocopia da documentación esixida sen alteración algunha (borrado, tachado...).

6.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

- ✓ Os teléfonos de contacto recollidos na ficha de inscrición deberán estar sempre en modo operativo dende a presentación da solicitude ata o remate do Programa. No caso de producirse algún cambio dos números de contacto durante o desenvolvemento do Programa, se deberá comunicar esta circunstancia inmediatamente no CIM.
- ✓ As/Os menores **unicamente poderán saír** con algunha das persoas autorizadas para tal efecto na ficha de inscrición no Apartado 4.- *Persoas autorizadas para a recollida da/o menor.*
- ✓ O horario do Programa é de 09:00 a 14:00 horas, non puidendo ser modificado, salvo causa xustificada e aceptada polo Concello de Redondela.
- ✓ As/os menores deberán levar merenda para a media mañá e acudir con roupa e calzado cómodo para facilitarlles a realización dos xogos de movementos.
- ✓ As faltas de asistencia deberán ser comunicadas e xustificadas, no seu caso, ao monitorado ou no CIM. Tres faltas sen xustificar supón a perda da praza.
- ✓ Calquera aviso, incidencia ou información será comunicada ao monitorado ou no CIM, en persoa ou a través dos teléfonos de contacto que se faciliten. **Teléfono CIM: 986 40 80 43.**